

ORDENANZA FISCAL NUM. 4, XERAL REGULADORA DE CONTRIBUCIONS ESPECIAIS.

Capítulo I

Feito imponible

Art. 1º:

1.- O feito imponible das Contribucións especiais estará constituído pola obtención, polo suxeito pasivo, dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter municipal por este Concello.

2.- As Contribucións especiais fundaranse na mera realización das obras ou no establecemento ou ampliación dos servizos ós que se refire o apartado anterior e a súa exacción será independente do feito de que polos suxeitos pasivos sexan utilizadas, efectivamente, unhas ou outras.

Art. 2º:

1.- Os efectos do disposto no artigo precedente, terán a consideración de obras e servizos municipais, os seguintes:

a) Os que dentro do ámbito da súa competencia realice ou estableza o Concello, para atenderlos fins que lle están atribuídos. Exclúense as obras realizadas polo mesmo, a título de propietario dos bens patrimoniais.

b) Os que realice ou estableza o Concello por serlle atribuídos ou delegados por outras Entidades Públicas, así como aqueles cuia titularidade, conforme á Lei, asumira.

c) Os que realicen ou establezan por outras Entidades Públicas ou polos concesionarios destas, con aportacións económicas deste Concello.

2.- As obras e servizos ós que se refire a letra a) do apartado anterior, conservarán o seu carácter de municipais aínda cando fosen realizados ou establecidos por:

a) Organismos Autónomos municipais ou Sociedades Mercantís de cuio capital social fose este o único titular.

b) Concesionarios con apartacións deste Concello.

c) Asociacións de contribuíntes.

3.- As Contribucións especiais municipais son tributos de carácter finalista e o produto da súa recadación destinarase, integramente, a sufragalos gastos da obra ou do establecemento ou ampliación do servizo por cuia razón fosen establecidas e esixidas.

Art.3º.

O Concello poderá, potestativamente, acordala imposición e ordenación de

Contribucións especiais, sempre que se dean as circunstancias conformadoras do feito impositivo establecidas no artigo 1º da presente Ordenanza Xeral, nos seguintes supostos:

- a) Pola apertura de rúas e prazas e a primeira pavimentación das calzadas.
- b) Pola primeira instalación, renovación ou substitución de redes de distribución da auga, do alcantarillado ou desaugues de augas residuais.
- c) Polo establecemento ou substitución do alumado público e por instalación de redes de distribución de enerxía eléctrica.
- d) Polo ensanchamento e novas alienacións das rúas e prazas xa abertas e pavimentadas, así como a modificación das rasantes.
- e) Pola substitución de calzadas, beirarrúas, absorbédeos e bocas de rego das vías públicas urbanas.
- f) Polo establecemento e ampliación do servizo de extinción de incendios.
- g) Pola construción de embalses, canles e outras obras para a irrigación de fincas.
- h) Pola realización de obras de captación, embalse, depósito, conducción e depuración de augas para o abastecemento.
- i) Pola construción de estacións depuradoras de augas residuais e colectores xerais.
- j) Pola plantación de arborado en rúas e prazas, así como pola construción e ampliación de parques e xardíns que sexan de interese para un determinado barrio, zona ou sector.
- k) Polo desmonte, aterraplenado e construción de muros de contención.
- l) Pola realización de obras de desecación e saneamento e de defensa de terreos contra avenidas e inundacións, así como a regulación e desviación de cursos de augas.
- m) Pola construción de galerías subterráneas para o aloxamento de redes e tubarías de distribución de auga, gas e electricidade, así como para que sexan utilizadas por redes de servizos de comunicación e información.
- n) Pola realización ou o establecemento ou ampliación de calesqueira outras obras ou servizos municipais.

Capítulo II

Exencións e bonificacións

Art. 4º.

1. Non se recoñecerán, en materia de Contribucións especiais, outros beneficios fiscais que os que veñan establecidos por disposicións con rango de Lei ou por Tratados ou Convenios Internacionais.

2. Quenes nos casos ós que se refire o apartado anterior se considerasen con dereito a un beneficio fiscal, farano constar así ante o Concello, con expresa mención do precepto no que consideren amparado o seu dereito.

3. Cando se recoñezan beneficios fiscais, nas Contribucións especiais, as cuotas que corresponderan ós beneficiarios ou, no seu caso, o importe das bonificacións, non poderán ser obxecto de distribución entre os demais suxeitos pasivos.

Capítulo III

Suxeitos pasivos

Art. 5º.

1. Terán a consideración de suxeitos pasivos das Contribucións especiais, as persoas físicas ou xurídicas así como as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, especialmente beneficiadas pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos municipais que orixinen a obrigaón de contribuir.

2. Os efectos do disposto no apartado anterior, consideraranse persoas especialmente beneficiadas:

a) Nas Contribucións especiais pola realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos que afecten a bens inmobles, os propietarios dos mesmos.

b) Nas Contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou Entidades titulares destas.

c) Nas Contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, ademais dos propietarios dos bens afectados, as compañías de seguros que desenrolen a súa actividade no ramo, no término deste Concello.

d) Nas Contribucións especiais por construción de galerías subterráneas, as empresas subministradoras que deban utilizalas.

Art. 6º.

1. Sen prexuízo, no seu caso, do disposto no apartado 3 do artigo 11 da presente Ordenanza Xeral, as Contribucións especiais recaerán directamente sobre as persoas naturais ou xurídicas que aparezan no Rexistro da Propiedade, como dueñas ou poseedoras dos bens inmobles, ou no Rexistro Mercantil ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas, como titulares das explotacións ou negocios afectados polas obras ou servizos na data de terminación de aquelas ou na de comezo da prestación destes.

2. Nos casos de réxime de propiedade horizontal a representación da Comunidade de Propietarios facilitará á Administración municipal o nome dos copropietarios e o seu coeficiente de participación no inmovible, a fin de proceder ó xiro das cuotas individuais. De non facerse así, entenderase aceptado o que se xire unha única cuota, desta distribución ocuparase a propia Comunidade.

Capítulo IV

Base imponible

Art. 7º.

1. A base imponible das Contribucións especiais está constituída, como máximo polo 90 por 100 do custo que o Concello soporte pola realización
2. das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servicios.
3. O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:
 - a) O custo real dos traballos periciais de redacción de proxectos e de dirección de obras, planes e programas técnicos.
 - b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servicios.
 - c) O valor dos terreos que ocuparan permanentemente as obras ou servicios salvo que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuíta e obrigatoriamente ó Concello ou o de inmobles cedidos nos términos establecidos no artigo 77 da Lei do Patrimonio do Estado.
 - d) As indemnizacións procedentes polo derribo de construcións, destrución de plantacións, obras ou instalacións, así como as que deban abonarse ós arrendatarios dos bens que teñan que ser derruídos ou ocupados.
 - e) O interese do capital invertido nas obras ou servicios cando o Concello tivera que apelara ó crédito para financia-la porción non buelta polas Contribucións especiais ou a cuberta por estas en caso de fraccionamento xeral das mesmas.
3. O custo total presupostado das obras ou servicios terá carácter de mera previsión. Si o custo real fose maior ou menor que o previsto, tomarase aquel a efectos de cálculo das cuotas correspondentes.
4. Cando se trate de obras ou servicios ós que se refire o artigo 2º 1) da presente Ordenanza, ou das realizadas por concesionarios con apartacións do Concello ó que se refire o apartado 2. b). do mesmo artigo, a base imponible das Contribucións especiais determinarase en función do importe destas apartacións, sen prexuízo das que poidan impoñer outras Administracións Públicas por razón da mesma obra ou servicio. En todo caso espetarase o límite do 90 por 100 á que se refire o apartado primeiro deste artigo.
5. Os efectos de determina-la base imponible, entenderase por custo soportado polo Concello a contía resultante de restar, á cifra do custo total, o importe das subvencións ou auxilios que o Concello obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou Entidade pública ou privada. Exceptuase o caso de que a persoa ou Entidade aportante da subvención ou auxilio teña a condición de suxeito pasivo, neste caso procederase de conformidade co indicado no apartado segundo do artigo 9º da presente Ordenanza Xeral.

Art. 8º.

A Corporación determinará, no acordo de ordenación respectivo, o porcentaxe do custo da obra ou servicio soportado polo concello que constituía, en cada caso

concreto, a base imponible da Contribución especial de que se trate, sempre co límite do 90 por 100 á que se refire o artigo anterior.

Capítulo V

Cota tributaria

Art. 9º.

1. A base imponible das Contribucións especiais, repartirase entre os suxeitos pasivos, tendo en conta a clase e natureza das obras e servizos, con suxeición ás seguintes regras:

a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os metros lineais de fachada dos inmobles, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens inmobles.

b) Si se trata de establecemento e mellora do servizo de extinción de incendios, poderán ser distribuídas entre as Entidades ou Sociedades que cubran o risco por bens sitos no Concello, proporcionalmente ó importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior. Si a cota esixible a cada suxeito pasivo fora superior ó 5 por 100 do importe das primas recadadas polo mesmo, o exceso trasladarase ós exercicios sucesivos ata a súa total amortización.

c) No caso das obras ás que se refire o artigo 3º, apartado m), da presente Ordenanza Xeral, o importe total da Contribución especial será distribuído entre as compañías ou empresas que as utilizaran en razón ó espazo reservado a cada unha ou en proporción á total sección das mesmas, aínda cando non nas usen inmediatamente.

3. No caso de que se outorgase, para a realización das obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos, unha subvención ou auxilio económico por quen tivese a condición de suxeito pasivo das Contribucións especiais que se exaccionasen por tal razón, o importe de dita subvención ou auxilio, destinarase, primeiramente, a compensa-la cota da respectiva persoa ou Entidade. O exceso, si o houbera, aplicarase a reduci-la prorrata, as cotas dos restantes suxeitos pasivos.

Art. 10º.

1. En toda clase de obras, cando a diferenza de custo por unidade nos diversos proxectos, tramos ou seccións da obra ou servizo non corresponda análoga diferenza no grado de utilidade ou beneficio para os interesados, tódalas partes do plan correspondente serán consideradas en conxunto ós efectos de reparto e, en consecuencia, para a determinación das cotas individuais non se atenderá soamente ó custe especial do tramo ou sección que inmediatamente afecte a cada contribuínte.

2. No caso de que o importe total das Contribucións especiais se repartira tendo en conta os metros lineais da fachada dos inmobles, entenderase por fincas con fachada á vía pública non solo as edificadas en coincidencia coa alienación exterior da mazá, senón tamén as construídas en bloques asiladas calquera que fose a súa situación respecto á vía pública que delimite aquela mazá e sexa obxecto da obra, en consecuencia, a lonxitude da fachada medirase, en tales casos, pola do solar da finca, independentemente das circunstancias da edificación, retrínqueo, patios abertos,

zona de xardín ou espazos libres.

3. Cando o encontro de dúas fachadas estaña formado por un chafrán ou se unan en curva, consideraranse, ós efectos da medición da lonxitude da fachada, a metade da lonxitude do chafrán ou a metade do desenrolo da curva, que se sumarán ás lonxitudes das fachadas inmediatas.

Capítulo VI

Devengo

Art. 11º.

1. As Contribucións especiais devengaranse no momento en que as obras se executaran ou o servizo comezara a prestarse. Si as obras foran fraccionables, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos dende que se executaran as correspondentes a cada tramo ou fracción da obra.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, unha vez aprobado o acordo concreto de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir, por anticipado, o pago das Contribucións especiais en función do importe do custo previsto para o ano seguinte. Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sen que se executaran as obras para as que se esixiu o correspondente anticipo.

3. O momento do devengo das Contribucións especiais terase en conta ós efectos de determina-la persoa obrigada ó pago, de conformidade co disposto no artigo 5º da presente Ordenanza Xeral, aínda cando no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo quen o sexa con referencia a data da súa aprobación e de que o mesmo anticipara o pago de cuotas, de conformidade co disposto no apartado 2 do presente artigo. Cando a persoa que figure como suxeito pasivo no acordo concreto de ordenación e fora notifica delo, transmita os dereitos sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición no período comprendido entre a aprobación de dito acordo e o do nacemento do devengo, estará obrigada a dar conta á Administración municipal da transmisión efectuada, dentro do prazo dun mes dende a data desta, e se non o fixera, o Concello poderá dirixi-la acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo no citado expediente.

4. Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras, ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e as cotas individualizadas definitivamente, xirando as liquidacións que procedan e compensando, como entrega a conta, os pagos anticipados que se efectuaran. Tal sinalamento definitivo realizarase polos órganos competentes da Corporación, axustándose ás normas do acordo concreto de ordenación do tributo para a obra ou servizo de que se trate.

5. Si os pagos anticipados se efectuaran por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data do devengo do tributo ou ben excedera da cota individual definitiva que lles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

Capítulo VII

Xestión, liquidación, inspección e recadación

Art. 12º.

A xestión, liquidación, inspección e recadación das Contribucións especiais realizaranse na forma, prazos e condicións que se establecen na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenrolo.

Art. 13º.

1. Unha vez determinada a cota a satisfacer, o Concello poderá conceder, a solicitude do contribuínte, o fraccionamento ou aprazamento de aquela por prazo máximo de cinco anos, debendo garantizarse o pago da deuda tributaria, que incluírá o importe do interese de demora das cantidades aprazadas, mediante hipoteca, prenda, aval bancario ou outra garantía suficiente a satisfacción da Corporación.

2. A concesión do fraccionamento ou aprazamento implicará a conformidade do solicitante, co importe total da cota tributaria que lle corresponda.

3. A falta de pago dará lugar á perda do beneficiario do fraccionamento, con expedición de certificación de descuberto pola parte pendente de pago, recargo e intereses correspondentes.

4. En calquer momento o contribuínte poderá renunciar ós beneficios de aprazamento ou fraccionamento, mediante ingreso da cota ou da parte da mesma pendente de pago, así como dos intereses vencidos, cancelándose a garantía constituída.

5. De conformidade coas condicións socio-económicas da zona na que se executen as obras, a súa natureza e cadro de amortización, o custo, a base liquidable e o importe das cotas individuais, o Concello poderá acordar, de oficio, o pago fraccionado con carácter xeral para todos os contribuíntes, sen perxuízo de que eles mesmos poidan en calquer momento anticipar os pagos que consideren oportunos.

Capítulo VIII

Imposición e ordenación

Art. 14º.

1. A exacción das Contribucións especiais precisará a previa adopción pola Corporación, do acordo de imposición en cada caso concreto.

2. O acordo relativo á realización dunha obra ou ó establecemento ou ampliación dun servizo, que deban costearse mediante Contribucións especiais, non poderá executarse ata que se aprobara a ordenación concreta destas.

3. O acordo de ordenación ou Ordenanza reguladora será de inescusable adopción e contera a determinación do custo previo das obras e servizos, da cantidade a repartir entre os beneficiarios e os criterios de reparto. O acordo de ordenación concreto ou Ordenanza reguladora remitirase, nas demais cuestións, á presente Ordenanza Xeral de Contribucións especiais.

4. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de Contribucións especiais, e determinada-las cotas a satisfacer, estas serán notificadas individualmente a cada suxeto pasivo si éste e o seu domicilio foran descoñecidos e, no seu defecto por medio de edictos. Os interesados poderán formular recurso de reposición ante o Concello, que deberá versar sobre a procedencia das Contribucións especiais, a porcentaxe do custo que deban satisfacer-las persoas especialmente beneficiadas ou as cotas asinadas.

Art. 15º.

1. Cando este Concello colabore con outra Entidade local na realización de obras ou establecemento ou ampliación de servicios e sempre que se impongan Contribucións especiais, observaranse as seguintes regras:

a) Cada entidade conservará as súas competencias respectivas en orden ós acordos de imposición e ordenación concretos.

b) Si algunha das Entidades realizara as obras ou establecese ou ampliase os servicios coa colaboración económica da outra, corresponderá á primeira a xestión e recaudación da Contribución especial, sen perxuízo do disposto na letra a) anterior.

2. No suposto de que o acordo concreto de ordenación non fora aprobado por unha de ditas Entidades, quedará sen efecto a unidade de actuacións, adoptando separadamente as decisións que procedan.

Capítulo IX

Colaboración cidadanía

Art. 16º.

1. Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en Asociación administrativa de contribuíntes e promove-la realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servicios polo Concello, comprometéndose a sufragar-la parte que corresponda aportar a este cando a súa situación financeira non no permitira, ademais das que lles corresponda según a natureza da obra ou servicio.

2. Así mesmo os propietarios ou titulares afectados pola realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servicios promovidos polo Concello poderán constituírse en Asociacións administrativas de contribuíntes no período de exposición ó público do acordo de ordenación das Contribucións especiais.

Art. 17º.

Para a constitución de Asociacións administrativas de contribuíntes, á que se refire o artigo anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, ó menos, os dous tercios das cotas que deban satisfacerse.

Capítulo X

Infraccións e sancións

Art. 18º.

1. En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que as mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria.

2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cuotas devengadas non prescritas.

DISPOSICION FINAL

APROBACION

A presente ordenanza fiscal que conste de dezaioito artigos e unha disposición final, foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vintenove de setembro de mil novecentos noventa e nove,. entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación 1/01/1990 permanecerá vixente ata que se acorde, expresamente, a súa modificación ou derogación.